

GARDA CIVIL E PERSOAL DE REGANOSA REALIZAN UN EXERCICIO DE SEGURIDADE NA TERMINAL DE MUGARDOS

Mugardos, 10 de novembro de 2016.

Efectivos da Garda Civil e persoal da regasificadora de Reganosa no porto de Ferrol participaron esta mañá nun exercicio de seguridade. Esta actividade forma parte do programa de adestramento anual establecido pola compañía.

Reganosa conta cun programa intensivo de formación para garantir a resolución de calquera incidencia de seguridade coa maior eficiencia.

O exercicio coa Garda Civil desenvolveuse satisfactoriamente. O suposto para o mesmo consistiu na detección dun paquete sospeitoso que fora colocado na zona de peirao de atraque. Ante a solicitude de Reganosa de intervención de persoal especializado, a Garda Civil mobilizou a efectivos de TEDAX e de detección canina para a procura e inspección do obxecto.